


**XV**  
**ANIVERSARIO**  
**ASOC. AMIGOS**  
**DO PATRIMONIO**  
  
**DE**  
**CASTROVERDE**  
**ACTIVIDADES**  
**2016-2020**



## REFERENCIA AOS QUINCE ANOS DA ASOCIACIÓN (2005-2020)

O próximo día 5 de novembro cúmprense 15 anos que se constituíu a **Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde / Castro Verde**, non quero repetir aquí o que se comentou cando celebramos o décimo aniversario, que se pode ver en:

<https://amigosdopatrimoniodecastroverde.gal/wp-content/uploads/sites/19/2015/10/X-ANIVERSARIO.pdf>

<https://amigosdopatrimoniodecastroverde.gal/2015/10/23/celebracion-x-aniversario-da-a-sociacion/>

Daquela foron outras as circunstancias, tiñamos máis euforia e, non tiñamos enriba de nós a pandemia que este ano nos obriga a celebrar virtualmente o 15 aniversario, sen roteiro, sen xantar e sen a alegría que teríamos sen non foran as circunstancias que todos coñecemos.

Temos que simplemente agradecer a todos/as socios/as que nos acompañaron ao longo de todos estes anos, cadaquén participando da maneira e xeito que puido ou soubo. Algúns asistindo mensualmente ás diferentes actividades, outros axudando na organización das diferentes actividades e de diversas maneiras, agradecemento para os/as que non poden participar pero están presentes como socios e *cunha lembranza especial para os que nos deixaron*, que non imos nomear, mais temos moi presentes na nosa memoria.

Dicir que Continuamos celebrando roteiros e facendo o mantemento dos que se sinalizaron no noso concello. Seguimos celebrando os Irmandamentos, o Encontro anual de Asociacións, aínda que este ano non o puidemos celebrar. Andamos na recuperación de cruceiros, nesas andamos, na recuperación da Fortaleza, de Soutomerille..., do que realmente non sabemos como está a situación xurídica e as

negociacións, mais quixeramos que se recuperaran para a *res publica* e para a súa conservación e desfrute sostible.

Debemos salientar a publicación de obras importantes de Socios que, aínda que non as publicou a asociación, forman parte importante da investigación da nosa historia, Castro Verde nas crónicas de Rogelio Reigosa (2017), El Caballero Verde (2018) e A Fortaleza medieval de Castro Verde (2019) de **Ricardo Polín** e Rebelión nos coutos de Castroverde. Vasallos e fidalgos contra os señoríos. séculos XV-XIX de José Luís Díaz-Castroverde Lodeiro, e así mesmo as continuas achegas sobre distintos temas relacionados con Castro Verde publicadas na rede polo socio de Honra, Xosé M<sup>a</sup> Gómez Villabella.

Oxalá foramos, A Asociación Amigos do Patrimonio de Castro Verde na súa teima de contribuír a defender e difundir, divulgar e defender o Patrimonio cultural, artístico, monumental e natural, do Concello natural das terras de Castro Verde tal como rezan os Estatutos e a páxina ou revista dixital que temos e, niso andamos amigos/as.e para iso precisamos a colaboración e participación dos nosos/as amigos/as socios/as.

Saúde, Terra, Lingua e Patrimonio

Outoniño de 2020

Manolo Muñiz

# PRINCIPAIS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS 2016 -2020

## Ano 2016

### *Xaneiro*

- *Roteiro Carballedo-Paderne-Quetesende (Castro Verde – O Corgo).*
- *Xornada sobre recuperación de canteiras (Guitiriz).*
- *Peche Programa LEADER 2007-2013 (Casa Manuel María, Outeiro de Rei).*

### *Febreiro*

- *Colaboración coa Universidade Rural Galega (Guitiriz).*
- *Roteiro Vía XIX coa Asociación Arumes do Corgo (O Corgo – Lugo).*
- *Xornada de debate sobre o decreto 125/2014 que ampara a venda directa de produtos primarios nas explotacións agropecuarias de Galicia (Rábade).*

### *Marzo*

- *Roteiro pola traza histórica do Camiño Primitivo: A Vacariza-Vilalle-Castro Verde (Castro Verde).*

### *Abril*

- *Roteiro por parroquias de Moreira (Vilar), Soutomerille, Vilaxurxo, A Meda e Barredo asistindo á Sociedade Ártabros de A Coruña (Castro Verde).*
- *Roteiro Literario Leiras Pulpeiro (Mondoñedo) coa Asoc. Arcas de Sarria.*
- *Plantación de árbores autóctonas na Veiga do Olmo (Castro Verde).*

### *Maio*

- *IX Encontro de Asociacións Culturais (Neda, A Coruña).*

### *Xuño*

- *Roteiro polo Camiño primitivo asistindo á Asociación Roxin Roxal de Betanzos (Castro Verde).*



*- Coloquio-debate sobre o eucalipto (Castro Verde).*

*Xullo*

*- Acto reivindicativo de Soutomerille (Castro Verde).*

*Agosto*

*- VIII Irmandamento dos Castro Verdes da Península Ibérica (Castroverde de Campos, Zamora).*

*- Participación na XI Feira Artesá de Castro Verde (Castro Verde).*

*- Homenaxe a Manolo Gómez Arrojo (Furís, Castro Verde).*

*Setembro*

*- Memoria da Chaira Enteira (Outeiro de Rei).*

*- Participación na XXXIX Romaxe de Irimia (Cercedo, Pontevedra).*

*- Mesa Provincial dos Camiños de Santiago (Lugo).*

*Outubro*

*- Participación na Homenaxe a Quique Casanova (O Corgo).*

*- IV Festa da Afirmación e Dignidade. Entrega das “Mans de Irimia” ao noso socio e amigo Ricardo G. Polín (Meira).*

*- Participación no San Froilán Asociativo (Lugo).*

*- Viaxe por Terras do Bolo (Ourense).*

*Novembro*

*- Percorrido por Castro Verde co Clube Valle-Inclán (Castro Verde).*

*Decembro*

*- Roteiro das Seimeiras de Queixoiro, coas asociación Pasada das Cabras de Burela e Terras de Lourenzá (A Fonsagrada).*



























## Ano 2017

### *Xaneiro*

- *Roteiro Monte Cubeiro - Bolaño.*
- *Reunión do Foro do Camiño.*

### *Febreiro*

- *Roteiro Friol – Fortaleza de San Paio de Narla – Castelo de Pambre – Vilar de Donas.*

### *Marzo*

- *Roteiro polo río Miño, homenaxe a Manolo Gómez e presentación do libro “O Silencio do Orballo”.*
- *Xornada “A situación do eucalipto na Reserva da Biosfera Terras do Miño”.*

### *Abril*

- *Sessão da IX Geminação – Hermanamiento – Irmandamento dos Castro Verdes da Península Ibérica (Castro Verde do Alentejo - Portugal).*

### *Maio*

- *X Encontro de Asociacións e reivindicación da traza histórica do Camiño Primitivo*

### *Xuño*

- *Encontro xerminal da Rede do Patrimonio Galego no Museo do Pobo Galego.*

### *Xullo*

- *Asistencia ao IV Convivio Cultura Galega na Casa Museo Manuel María.*
- *II Acto de Soutomerille.*

### *Agosto*

- *Participación na X Feira Artesá de Castro Verde.*

## *Setembro*

*- Participación na XL Romaxe de Irimia (Vigo, Pontevedra).*

## *Outubro*

*- Inauguración do restaurado cruceiro de As Cavozas.*

*- Roteiro D. Rogelio: O Albaredo – Bolaño - Castro Verde.*

## *Novembro*

*- Roteiro polas igrexas románicas do val do río Tordea - Día do Patrimonio Mundial.*

## *Decembro*

*- Roteiro Fonsagrada - Candaído.*

*- Xornadas no Parlamento Europeo (6-9 de decembro).*

*- Participación no II Mercado de Nadal.*

*- Participar na convocatoria da Reserva da Biosfera.*

## *Outras actividades*

*- Seguir a colaborar coa Asociación Terras de Lugo (GDR4), onde somos a vicepresidencia da mesma e formamos parte da Xunta Directiva desde o seu nacemento, no ano 2009.*

*- Limpeza sinalización de roteiros.*

*- Castiñeiro Soutomerille.*

*- Participar en múltiples actividades representando á Asociación.*

*- Rexistros de Solicitudes e Comunicacions mensuais, etc.*



































# ROMAXE 2017





## **Ano 2018**

### *Xaneiro*

- Entrevista co Sr. Alcalde para falar de: X Irmandamento, restauración cruceiros, cusestións pendentes...*
- Participación na cabalgata de Reis*
- Visita aos cruceiros a restaurar, amosarllos a Pablo Otero. Casas do Monte, Peniñas Brancas.*
- IIª Parte Roteiro igrexas románicas.*

### *Febreiro*

- Visita cultural a Betanzos.*

### *Marzo*

- Roteiro Páramo-Furís de Arriba-Lembrando a M. Go*
- Obradoiro Interpretación do Territorio.*

### *Abril*

- Ver roteiros Monte Cubeiro – Barredo e Soutomerille*
- Visita a Tórdea. Falar cos silleiros*
- Obradoiro.*
- Roteiro Arrubial – Furís de Arriba.*

### *Maio*

- Visita Representación claustro CEIP Sal Lence de A Coruña.*
- XI Encontro de Asociacións.*

### *Xuño*

- Curso Interpretación do Territorio.*
- Roteiro en lembranza de Manolo Pérez.*
- Asistencia Homenaxe Sal Lence*



- Xullo
- Roteiro nocturno-Reivindicando a Torre da Fortaleza e Soutomerille.
- Limpeza de sinais de roteiros
- Agosto
- X IRMANDAMENTO dos Castroverdes / Castro Verde da P. Ibérica.
- Participar na XIII Feira Artesanal.
- Setembro
- Participar na XLI Romaxe.
- Reinauguración / Inauguración Panel Soutomerille.
- Participación na VI Festa de Afirmación e Dignidade.
- Outubro
- Roteiro da Auga polo concello de Guitiriz.
- Viaxe a Terras de Castela. Rememorando aos segadores.
- Novembro
- Roteiro Día Mundial do Patrimonio.
- Decembro
- Participar na III Festa de Nadal.
- Roteiro Paradavella-Alastra e visita ao Museo de Grandas.
- Resultados. Planificación Interpretativa do territorio.
- Outras actividades
- Limpeza sinais roteiros.
- Castiñeiro Soutomerille.
- Participar en múltiples actividades representando á Asociación.
- Rexistros de Solicitudes e Comunicacións mensuais, etc

























primeira aparición de  
Castroverde  
na literatura

## El Caballero Verde

Novela histórica orixinal de RESITO VICETTO  
(1844)





















## **ANO 2019**

*Xaneiro*

*Roteiro pola Vía XIX Castro verde Lugo*

*Febreiro*

*Visita Cultural a Monforte de Lemos Monforte.*

*Marzo*

*Marcha polo Camiño de Volta na vía primitiva a Compostela (treito da Viña en Terra de Fazais ao albergue A Pociña de Muñiz en Vilar de Cas Lugo –Castro Verde. Lugo*

*Abril*

*Viaxe Cultural a Compostela e Padrón . A Coruña*

*Maio*

*XII Encontro de Asociacións Sarria . Lugo*

*Xuño*

*Roteiro Abres-A Pontenova Abres–A Pontenova - Asturias-Lugo*

*Xullo*

*Asisitir á presentación de REBELIÓN NOS COUSTOS DE CASTROVERDE: VASALOS E FIDALGOS CONTRA OS SEÑORIOS SÉCULOS XV-XIX CPI De Castro Verde*

*Agosto*

*Participar na XIV Feira Artesá Castroverde Lugo*

*Setembro*

*Participar no Encontro anual dos Irimegos. Vilalba. Lugo*

*Outubro*

*Roteiro Cádavo –Castro Verde cos da Mariña. Cádavo- Castro Verde.*



# Museo Lodeiro





























*Novembro*

*Roteiro por Guitiriz*

*Decembro*

*Asistencia IV Mercado de Nadal e Teatro Castro Verde.*

*Roteiro A Lastra- O Cádavo Pasada das Cabras.*

**ANO 2020**

*Xaneiro*

-Rexistro Xustificación Subvención Deputación 2019

-Asemblea 2020

-Ver roteiros de Furís-Páramo e Montecubeiro-Barredo

-Roteiro Furís –Páramo (Ana e Paco- Antón Gonçalves)

-Entrevista co Sr. Alcalde, recoller cartas e deixar follefos Itinerarios.

-Entrevista coa Sra. Deputada de Turismo

*Febreiro*

-Viaxe a Fereira de Pantón.

*Marzo*

-Homenaxe a Dona Enriqueta.

*Abril*

**Non houbo actividades por mor da pandemia.**

*Maio*

-Mercar podóns e ver Roteiro Souto. **Non houbo actividade**

*Xuño*

-De Córneas a Barredo e rematar o de Soutomerille. E ver alternativa roteiro día 20 de xuño.

-Val río Tórdea e Ver inscipción Cellán de Calvos









CASA DO CONCELLO



O pobo de Castro Verde a

Enriqueta Otero  
Mestra e guerrilleira

(1910 – 1989)



(Día Internacional da Muller 2020)



















- Ver roteiro; Furís\_Páramo\_Monte Cubeiro- Córneas e debrozar Cova da Valiña e Sartegos de Recesende .

-Xuntanza arredor da figura de Crecente Vega / Ver a Torre de Fortaleza (desastre)  
Xullo

-Viaxe Cultural a Sober.

-Rexistro solicitude concello vello e falar da xustificación dos gastos das visitas aos roteiros.

Reunión da Xunta Directiva

Concello Vello.

-Ver cruceiros da Queimadiña. Barreiros (San Cosme) .

-Acompañar aos de TVE Repor.

-Ver Roteiros con Luís para a xustificación de gastos de mantemento dos mesmos.

Agosto

Sen actividades

Setembro

-Roteiro capela das Neves-Bolaño.

Outubro

-SAN FROILÁN 2020\_Cultura e Tradición no Camiño IV.

-Xustificación Subvención Concello 2020.

-Ricardo Polín Embaixador do Camiño Primitivo.

**SUSPENSIÓN DO ROTEIRO A GUITIRIZ E DO QUE QUEDA DE ANO (21-10-2020)**

*Referencias de actividades nos seguintes enlaces web:*

<https://es-es.facebook.com/amigospatrimoniocastroverde/>

<https://amigosdopatrimoniodecastroverde.gal>





AULA

CRECENTE

VEGA




















**NOMEAMENTO A RICARDO POLÍN  
COMO EMBAIXADOR DO CONCELLO  
DE CASTROVERDE NA PROMOCIÓN  
DO CAMIÑO PRIMITIVO**



**Presentación dixital de:**  
***“Camiño Primitivo:  
12 séculos de historia  
en 30 anos de memoria”***

(mostra retrospectiva sobre a recuperación da vía primitiva  
en Castroverde desde 1990)

**VENRES 30 DE OUTUBRO ÁS 12:00 H**  
**NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**  
(AFORO LIMITADO)



CONCELLO DE  
CASTROVERDE



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA









SAÚDE

TERRRA

LINGUA

E

PATRIMONIO

CASTRO VERDE A COMENZOS DE OUTONIÑO, SAN MARTIÑO OU NOVEMBRO DE 2020